Buenos Aires,25-2o-I967.

Sr Don Valentín Paz Andrade.
Abogado. Policarpo Sanz 22
Vigo.

anquerido Valentín:

Os Pradas, i eu en particular, despois de lamentar inceiramente a noticia da tua doencia, aledámonos moi de corazón ao saberte "noviño" i en camiño de emprender normalmente as tuas aitividás. Felicitaciós, porque unha tifoidea non é "moco de pavo", e ti salváchestes dando unha vegada máis evidentes probas da tua inmortalidade......
O máis axiña posible, vai a folla firmada que pasou pol-o control de Prada quén che manda seus cordiás saudos.
E como eu non podo "redimirte" das moitas molestias é persuicios económicos que con este asunto veño "indilgándoche" pois conformate querido Valentín con unha fonda e ageadecida aperta da tua vella amiga

Unha grande aperta
a Pilar e Alfonso

Pirxinia